

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	GONDOMAR
Edificio	Capela da Virxe da Soidade de Mourisca.
Dirección	Lugar da Mourisca, s/n. Chaín. 36380
	42.117720 -8.751505
Protección	
Descrición	Capela construída a base de cadeirado granítico, dunha soa nave con teitume a dúas augas e con remates en pináculos. Posúe unha porta de entrada con arco conopial. Sobre ela hai unha fornela con pestana curvada. No medio atópase unha cartela de mármore no que figura a seguinte inscrición: “RECONSTRUIDA ESTA CAPILLA POR EL Dr EN MEDICINA Y CIRUJIA Dº DAMASO MOREIRA QUIEN LA DEDICA PERPETUA MEMORIA DE SUS PADRES OCTUBRE DE 1900” Na parte alta aparece unha espadana dun so van con arco de medio punto. O conxunto remata cunha cruz de pedra e dous pináculos nos extremos. No interior as paredes aparecen revocadas. Aínda conserva un pequeno altar. Dentro podemos ver unha tumba labrada co escudo de armas de Castro, onde repousan os restos do fundador, D. Francisco Ferreira de Castro, e do seu sobriño D. Pedro de Castro Ferreira Ulloa e Taboada. Esta capela atópase ao lado do Pazo da Mourisca. Segundo a tradición popular, na primeira metade do século XX, ante ela celebrábase a romaxe e festa na honra á Virxe da Soidade cuxa última edición tivo lugar na década dos corenta do século pasado. Actualmente esta nun estado de ruína.
Campás	1 campá.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	Ruína pero salvable.
Propostas	
Autores da documentación	CARRERA, Anxo & TROIANO CARRIL, Xosé (Campás e reloxos monumentais de Galicia, Facebook).
Data	11-09-2026

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<u>Única.</u>	<u>LA INDUSTRIOSA</u> <u>SANJURJO</u>	1900	40	37

Información completa: [Capela da Virxe da Soidade de Mourisca. - GONDOMAR \(GALICIA\)](#)

PDF (13-09-2026)